

O planeta Terra está a experimentar modificacións no sistema climático de extraordinaria magnitude e velocidade que se asocian, máis aló de calquera dúbida razoable, coa mobilización masiva de carbono desde os combustibles fósiles ata a atmosfera. É precisamente este carbono acumulado na atmosfera na forma do gas de efecto invernadoiro dióxido de carbono o responsable da meirande parte do quentamento rexistrado no planeta, 0,74 °C ao longo do pasado século, e é previsible que o quentamento da atmosfera continúe con incrementos de 1,4 a 5,8 °C durante o século XXI.

Galicia non é allea ao proceso de cambio climático, sendo probable que este se constituía nun factor condicionante da sustentabilidade do desenvolvemento do noso país. En coherencia con esta diagnose, a Xunta de Galicia elaborou o Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático, que se concreta en catro programas principais. Por unha banda, enfrontándose á causa do fenómeno, para o cal se diseña o programa de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. Por outra, fomentando a investigación sobre o cambio climático en Galicia. En terceiro lugar, potenciando a educación, a información e a cooperación no eido do cambio climático. Finalmente, favorecendo a adaptación da nosa sociedade aos cambios previsible nos sistemas naturais, económicos e sociais potencialmente afectados no país, coa finalidade de reducir os impactos negativos identificados e aproveitar as oportunidades que do propio cambio puidesen derivar. Para poder acadar este último obxectivo, cómpre avaliar as evidencias do cambio climático, así como os seus impactos previsible sobre os ecosistemas naturais e explotados de Galicia. É precisamente esta a finalidade do proxecto CLIGAL que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible puxo en marcha no ano 2007 e cuxos principais resultados se amosan neste libro. Un proxecto que, grazas ao traballo de máis dun centenar de investigadores de todas as universidades e centros públicos de investigación de Galicia, achega o coñecemento preciso para o deseño intelixente do futuro do noso país, un futuro que, sen lugar a dúbidas, se vai ver afectado polos impactos que o cambio climático está a exercer en Galicia.

*Emilio Manuel Fernández Suárez*

Director Xeral de Desenvolvemento Sostible

